

# I Plan de Voluntariado 2024-2025





**Autoría:**  
ALAS A Coruña

**Redacción:**  
Óscar Rodríguez Fernández

Entidade membro de:

**Revisión:**  
Carlos Manuel Tilve Álvarez y Ana G. Fernández



**Maquetación:**  
Ana G. Fernández

# Índice

<b>Introdución</b>	<b>4</b>
O voluntariado na entidade	4
Contexto actual	5
<b>Reflexión inicial</b>	<b>6</b>
Obxectivos	6
Piares	7
Ciclo do voluntariado	8
Participación na vida asociativa	8
Formación e sensibilización	8
Alianzas e innovación	8
<b>Posta en práctica</b>	<b>9</b>
Captación	9
Incorporación	10
Formación e recursos	11
Posta en valor	12
Resolución de conflitos	12
Baixa	13
<b>Avaliación e validez</b>	<b>14</b>
<b>Lexislación e bibliografía</b>	<b>14</b>
<b>ANEXO I: Acordo de voluntariado</b>	<b>15</b>

# Introdución

A Real Academia Galega define o termo **voluntariado** como un alistamento voluntario para facer algo<sup>1</sup>, mentres que as Nacións Unidas o definen como unha **forma poderosa de involucrar á cidadanía** para facer fronte aos desafíos en materia de desenvolvemento e capaz de transformar o ritmo e a natureza do mesmo. O voluntariado **beneficia ao conxunto da sociedade** pero tamén á persoa voluntaria fortalecendo a súa confianza, solidariedade e reciprocidade entre as persoas, ao tempo que crea oportunidades para a participación<sup>2</sup>.

## O voluntariado na entidade

A asociación LGTBI+ ALAS A Coruña describe nos seus **Estatutos**<sup>3</sup> a forma que ten a entidade de entender o voluntariado: *“A promoción do activismo e do voluntariado fomentando espazos de debate e xeración de discurso identitario e de traballo en rede con outras organizacións do terceiro sector”*. O voluntariado da entidade é preminentemente de tipo comunitario, xa que esta ten como fin traballar pola igualdade real da comunidade LGTBI+, sempre **cunha ollada feminista, antirracista, anticapacitista, aconfesional, laica** e tendo como marco normativo superior a **Declaración Universal dos Dereitos Humanos**<sup>4</sup>. Porén, ALAS A Coruña, respectando o dictado nos seus Estatutos poderá por en marcha en solitario ou en alianza con outras organizacións, outros tipos de voluntariado como o de tipo medioambiental, o de cooperación ao desenvolvemento ou para un evento puntual.

O equipo de persoas voluntarias dota a ALAS A Coruña dunha visión externa e crítica da forma que a entidade ten de traballar ou de abordar, a través de **servizos, programas, actividades ou eventos**, determinadas problemáticas sociais, políticas ou económicas. O voluntariado é unha **peza fundamental** na xeración de novas ideas e posta en funcionamento de iniciativas innovadoras que reforzan a diversidade da entidade. A maiores, as persoas voluntarias

---

1 Real Academia Galega: voluntariado.

2 Naciones Unidas: [voluntariado](#).

3 Estatutos de ALAS A Coruña, [art.3.1 e\)](#)

4 Estatutos de ALAS A Coruña, [art.2.2.](#)

permiten á asociación establecer máis e mellores vínculos con empresas, institucións e outras entidades, especialmente aquelas que pertencen ao terceiro sector.

Finalmente, a través do **traballo altruista**, a entidade, por unha banda, obtén información valiosa de cada persoa voluntaria como por exemplo a súa formación, o seu compromiso ou o seu desempeño; por outra banda, a persoa ten a oportunidade de coñecer polo míúdo a asociación: a súa misión, visión e valores, o organigrama, a metodoloxía de traballo, etc.

## Contexto actual

ALAS A Coruña ten preto de catorce anos de historia dende a súa **fundación** o 3 de marzo de 2010 na Coruña, Non foi ata o ano 2020 que a asociación contou cunha **oficina propia**. Ademáis, nese mesmo ano, a entidade fixo



pública a súa páxina web. A presenza física e online da asociación provocou que **numerosas persoas amosaran o seu interés en colaborar cos servizos, programas, actividades ou eventos sen ter a obriga de asociarse**. O obxectivo central deste I Plan de Voluntariado é **dar resposta ás necesidades desas persoas ao tempo que se**

**delimita o seu labor dentro da estrutura organizativa de ALAS A Coruña.**

A asociación entende á persoa voluntaria como un **axente do cambio social**. En ningún caso ALAS A Coruña considera ao voluntariado como unha ferramenta para evitar a contratación de personal ou servizos. Na actualidade, a entidade ten recurrido ao voluntariado para actividades ou eventos puntais, como por exemplo nos **XXXII Encontros Estatais LGTBI** organizados pola entidade en outubro do 2022, nas **manifestacións do Orgullo** ou para a presentación de eventos como a moderación dun cine-fórum.

# Reflexión inicial

A elaboración deste plan é froito da necesidade de abrir máis a asociación á sociedade pero tamén a de dotar a ALAS A Coruña dun documento imprescindible no seu camiño cara ao **recoñecemento da súa utilidade pública** por parte das administracións. En definitiva, este documento é un paso máis en prol dunha asociación máis transparente, mellorando deste xeito a súa gobernanza.

## Obxectivos

O obxectivo xeral deste plan é **integrar ás persoas voluntarias na estrutura de ALAS A Coruña**, tendo sempre como marco normativo os Estatutos, o Regulamento de Réximen Interno e calquera outro documento oficial da asociación.

Este I Plan de Voluntariado de ALAS A Coruña identifica os seguintes obxectivos:

1. **Facer participes ás persoas voluntarias** da cultura, ética, estratexia e obxectivos da entidade, para que esta última poida levar a cabo a súa misión.
2. **Transmitir ao voluntariado** a visión e os valores da asociación para que poidan coñecelos e identificarse con eles.
3. **Acompañar ás persoas voluntarias** dende a súa incorporación ata a súa baixa.
4. **Por en valor o papel do voluntariado** como elemento de transformación e innovación social.
5. **Atender ás propostas das persoas voluntarias** para o desenvolvemento de servizos, programas, actividades ou eventos; así como na elaboración de documentos da asociación nos que o voluntariado sexa un actor relevante, como por exemplo o Plan Estratéxico.

6. Fomentar a formación, a capacitación e o empoderamento do voluntariado a través de cursos, seminarios ou encontros que lles permitan desenvolver axeitadamente as súas funcións.

## Piars

Tras varios debates internos, ALAS A Coruña **identifica catro piars** que serán os que fundamenten as actuacións na xestión do voluntariado na asociación:

1. Ciclo do voluntariado
2. Participación na vida asociativa
3. Formación e sensibilización
4. Alianzas e innovación





## ◆ Ciclo do voluntariado

Este pilar integra a **xestión do voluntariado** dende a súa captación, pasando pola incorporación da persoa voluntaria á estrutura da asociación e o desenvolvemente da súa acción altruista, e rematando coa baixa da mesma no rexistro de persoas voluntarias da entidade. Este pilar está intimamente ligado ao obxectivo 3 deste plan.

## ◆ Participación na vida asociativa

Este segundo pilar é consecuente cos obxectivos 1, 2 e 5 enumerados no apartado anterior, xa que fai fincapé na necesidade de integrar á persoa voluntaria na planificación estratéxica e operativa de ALAS A Coruña. Do mesmo xeito, compre **afondar na participación** con voz pero sen voto do voluntariado nos grupos de traballo, reunións ordinarias ou asembleas da asociación tal e como recollen os Estatutos.

## ◆ Formación e sensibilización

Este terceiro pilar fai referencia á **necesidade de dotar ao voluntariado para a realización do seu labor** e por en valor, tanto en foros internos como externos, este traballo en beneficio do conxunto da sociedade. Este pilar garda relación co obxectivo 6 recollido neste plan.

## ◆ Alianzas e innovación


Nun contexto no que os recursos públicos son cada vez máis limitados, a viabilidade económica e financeira de moitas ONG está en grave perigo. Este cuarto pilar do I Plan de Voluntariado de ALAS A Coruña é consecuente con esta realidade, polo que é imprescindible **xerar sinerxias con outras entidades sociais ou do sector privado** orientadas a compartir o capital humano das primeiras, e a desenvolver estratexias para fomentar o voluntariado corporativo coas segundas. Este pilar está aliñado co obxectivo 4 deste plan.



## Posta en práctica

Co obxectivo de aterrar este plan na realidade asociativa de ALAS A Coruña, compre esquematizar as estratexias que a entidade vai a implementar na xestión do voluntariado.

### Ciclo de vida do voluntariado



### Captación

O voluntariado está a experimentar un importante **crecemento** en España nos últimos anos, case un **8,2% da poboación**<sup>1</sup> realiza este tipo de labores, malia que aínda é unha porcentaxe bastante afastada doutros países europeos como Austria, os Países Baixos ou Suecia<sup>2</sup>. O maior reto para as ONG de todo o continente é o de transformar o voluntariado puntual nun de carácter máis estable e sostido no tempo.

<sup>1</sup> Plataforma del Voluntariado de España: [El voluntariado alcanza una cifra record en 2022.](#)

<sup>2</sup> Birgit Sitterman: [Volunteering in the European Union: An Overview of National Differences in the EU Member States.](#)

Para levar a cabo unha boa captación compre cumprir os seguintes requisitos:

- **Xerar espazos para os labores de voluntariado** dentro dos servizos, programas, actividades ou eventos da asociación nos que as persoas voluntarias teñan unha serie de **tarefas determinadas** pola oficina técnica e a xunta directiva.
- **Comunicar, a través das diferentes canles de difusión** da asociación (web, RRSS, intervencións en medios de comunicación, notas de prensa, etc.), as variadas posibilidades de levar a cabo labores de voluntariado en ALAS A Coruña. Compre non esquecer a importancia de transmitir esta mensaxe entre as persoas asociadas, para que estas sexan axentes de captación de potenciais persoas voluntarias.
- **Nomear a figura da coordinación do voluntariado** na primeira reunión ordinaria ou asemblea extraordinaria trala aprobación deste plan.

## Incorporación

Unha vez recepcionada a petición da persoa como voluntaria nun servizo, programa, actividade ou evento, xa sexa de forma online ou presencial compre seguir os seguintes pasos:

1. **Concertar unha cita** coa persoa na sede de ALAS A Coruña ou de xeito telemático.
2. **Coñecer as súas motivacións e expectativas** para participar no voluntariado da asociación, así como analizar os servizos, programas, actividades ou eventos asociativos nos que pode encaixar o seu labor, sempre tendo en conta as súas capacidades, coñecementos, intereses, etc.
3. **Amosar á persoa o espazo** onde vai desenvolver o seu voluntariado ao tempo que ten a oportunidade de coñecer o labor a desempeñar.
4. **Asinar o acordo de voluntariado** entre a entidade e a persoa ([Anexo 1](#)). Este documento recolle os dereitos e obrigas de ambas

partes en aras da transparencia e do respecto á [lexislación vixente](#) en materia de voluntariado. A maiores, antes da súa incorporación ao seu labor, a persoa voluntaria terá que estar incluída na póliza do seguro de voluntariado da asociación.

5. A secretaría dará de alta no rexistro de voluntariado á persoa.

A coordinación do voluntariado dará conta do seguemento deste procedemento e velará pola adecuada documentación do mesmo.

## Formación e recursos

ALAS A Coruña, ao igual que o ven facendo coas súas persoas asociadas dende os seus inicios, porá a disposición das persoas voluntarias **formacións** con contidos xerais ou específicos, en función do labor que leve a cabo cada voluntaria.

Esta formación a poderán impartir persoas vencelladas a ALAS A Coruña (membros da xunta directiva, persoal da oficina técnica, persoas asociadas ou outras voluntarias) ou alleas á asociación (autónomos, administracións públicas, ONG, etc.).

A maiores da formación que a persoa voluntaria poida recibir para levar a cabo de xeito exitoso o seu labor, a asociación terá que **poñer a disposición** da persoa voluntaria os **Estatutos, o Regulamento de Réxime Interno, o Plan Estratéxico** e calquera outro documento de relevancia que axude á persoa a levar a cabo o seu traballo voluntario respectando a misión, visión e valores da entidade onde está a prestar os seus servizos.

No seguinte plan de voluntariado tentarase plasmar un **marco formativo** para o personal voluntario que terá en conta a periodicidade, as necesidades, as temáticas ou as modalidades desta formación.

## Posta en valor

ALAS A Coruña cre firmemente no valor do **voluntariado** como axente de **cambio social**. É por iso que de xeito periódico levará a cabo accións que **visibilicen o traballo** imprescindible das persoas voluntarias na súa asociación, pero tamén noutras entidades do terceiro sector.

Coa aprobación deste I **Plan de Voluntariado**, a asociación comprométese a:

1. Recoñecer en actos públicos, como por exemplo a manifestación do Orgullo LGTBI+, o labor do voluntariado.
2. Expedir certificados ás persoas voluntarias que recollan as súas tarefas e compromiso altruista. Desta tarefa se ocupará a secretaría da asociación.
3. Visibilizar na estratexia de comunicación ás persoas voluntarias, o seu traballo e animar a outras a que se sumen ás labores voluntarias de ALAS A Coruña e doutras entidades coas que ten algún tipo de relación, p.ex. FELGTTBI+.

## Resolución de conflitos

Dende a asociación tentarase **detectar** posibles conflitos dun xeito preventivo pero, de non ser quen de atallalos a tempo, a persoa voluntaria terá á súa disposición todos os mecanismos recollidos nos Estatutos, no Regulamento de Réxime Interno, no Protocolo Antiacoso ou calquer outro documento oficial de ALAS A Coruña para facer valer os seus dereitos, sen prexuízo de que esta exerza as accións legais que considere oportunas.

## Baixa

Existen **tres motivos principais** polos que unha persoa voluntaria pode causar baixa no rexistro de voluntariado da asociación:

- **Por unha decisión persoal:** falta de tempo, desacordos entre a persoa voluntaria e a asociación sobre o seu labor, desmotivación ante o incumprimento das expectativas por parte da asociación ou calquera outra motivación persoal.
- **Por unha decisión organizativa da asociación:** falta de espazos no que desenvolver o labor voluntario, incumprimento por parte da persoa voluntaria dos compromisos adquiridos coa asociación, ausencia reiterada e sen previo aviso da persoa voluntaria ou comportamento inadecuado (difusión de información confidencial, trato incorrecto, actuacións en contra dos principios asociativos, etc.).
- **Vencelladas á relación establecida entre ALAS A Coruña e a persoa voluntaria:** finalización do labor de voluntariado na data marcada inicialmente ou finalización do servizo, programa, actividade ou evento no que participaba a persoa voluntaria.

Unha vez coñecidos os motivos da baixa, a secretaría procederá á **baixa no rexistro de voluntariado** da asociación. Ao mesmo tempo tamén se procederá a dar de baixa á persoa voluntaria do seguro de voluntariado e toda a documentación que fose necesaria.

Esta baixa tamén será **comunicada a todas as partes interesadas:** á coordinación do voluntariado, ao resto de persoas voluntarias que realizan o seu labor no mesmo servizo, programa, actividade ou evento no que a persoa voluntaria causa baixa ou ás administracións públicas ou outras entidades colaboradoras para evitar posibles riscos.

## Avaliación e validez

Este I Plan de Voluntariado de ALAS A Coruña será avaliado no último trimestre de 2025 pola xunta directiva, o equipo técnico, a coordinación do voluntariado e, de xeito óptimo, por unha representación do voluntariado.

O devandito plan deixará de ter vixencia ao finalizar o primeiro trimestre do 2026, e será renovado por un equipo nomeado na reunión ordinaria na que se presenten os resultados da avaliación deste plan.

## Lexislación e bibliografía

Para a redacción deste plan a asociación tivo en conta a normativa vixente a nivel europeo, estatal e autonómico:

1. **Normativa europea:** [Resolución del Parlamento Europeo, de 27 de octubre de 2016, sobre el Servicio Voluntario Europeo y el fomento del voluntariado en Europa.](#)
2. **Normativa estatal:** [Ley 45/2015, de 14 de octubre, de Voluntariado.](#)
3. **Normativa autonómica:** [Lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria.](#)

Co fin de obter un documento que axude a ALAS A Coruña a mellorar xestión que fai do voluntariado, a autoría deste plan empregou as seguintes fontes:

1. [IV Plan de Voluntariado 2022-2027.](#) Asociación SOMOS LGTB+ de Aragón.
2. [Plan de voluntariado](#) de la Plataforma de ONG de Acción Social.

## ANEXO I: Acordo de voluntariado

Dunha parte, ALAS A Coruña Asociación LGTBI+, con CIF 70249461 e sede social na rúa Cardenal Cisneros 68, baixo dereita, 15007, A Coruña, en adiante ALAS A CORUÑA.

E doutra parte, \_\_\_\_\_, con DNI/NIE/Pasaporte N° \_\_\_\_\_, en adiante a PERSOA VOLUNTARIA,

acordan o seguinte compromiso de voluntariado,

A PERSOA VOLUNTARIA participará dentro do servizo, programa, actividade ou evento: \_\_\_\_\_

nas seguintes actividades: \_\_\_\_\_

Lugar: As actividades de voluntariado levaranse a cabo en: \_\_\_\_\_, os \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_ horas a \_\_\_\_ horas.

A PERSOA VOLUNTARIA comprométese a :

- Cumprir cos compromisos adquiridos coa organización, recollidos no seu Plan de Voluntariado, respectando a misión, visión e valores da mesma, así como a súa normativa (Estatutos, Regulamento de réxime interno, etc.).
- Gardar confidencialidade da información recibida no desenvolvemento da súa actividade.
- Rexeitar calquera contraprestación material ou económica.

ALAS A CORUÑA comprométese a:

- Ofrecer á persoa voluntaria a información, formación, apoio e, no seu caso, os medios materiais necesarios para o exercicio das funcións que se lle asignen.
- Favorecer a participación activa da persoa voluntaria na organización, deseño, avaliación e programación das actividades que desenvolve.



- Incluir á persoa voluntaria no seguro de voluntariado da entidade.
- Compensar económicamente polos gastos derivados da súa actividade como persoa voluntaria.

**Duración:** O presente acordo terá a duración seguinte:

De \_\_\_\_\_ meses /anos.

Vinculada ao servizo, programa actividade ou evento: \_\_\_\_\_

Calquera das partes pode deixar sen efecto este acordo notificándoo cunha antelación mínima de 15 días naturais.

<p><b>Datos da titoría legal</b> (para persoas voluntarias de entre 16 e 18 anos).</p> <p>Nome: _____</p> <p>Apelidos: _____</p> <p>Documento de identidade (DNI/NIE/etc.): _____</p>
---

Asinado en A Coruña, o \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2024.

A persoa voluntaria

Por ALAS A Coruña:

\_\_\_\_\_

A presidencia

**Aprobado en asemblea xeral extraordinaria na Coruña, 24 de febreiro de 2024.**

**Asinado**

**V. e pr.**

**A secretaría**

**A presidencia**

